

## INFORME DE EXPRESIÓN DE INTERÉS NO PROXECTO:

### **Efectividade da Valoración xERontolóxica Integral e seguimento lonxitudinal na promoción do avellentamento SAUDable (VERISAÚDE)**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Luisa Ansorena Hortega, con domicilio en C/ Marcial del Adalid, 8, 5<sup>o</sup> dcha., 15005 A Coruña e DNI nº 32.110.791-P, en representación da Asociación Provincial de Pensionistas e Xubilados U.D.P. da Coruña, con CIF G15400682,

#### DECLARA:

Que dita institución está interesada nos resultados do proxecto Efectividade da Valoración xERontolóxica Integral e seguimento lonxitudinal na promoción do avellentamento SAUDable (VERISAÚDE) presentado á convocatoria para o ano 2012 de axudas para proxectos de investigación desenvolvidos por investigadores emerxentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

A Asociación Provincial de Pensionistas e Xubilados (UDP) da Coruña é unha entidade sen ánimo de lucro que desde a súa constitución en 1992 traballa en diversas actividades, como así recollen os seus estatutos, dirixidas a mellorar a calidade de vida das persoas maiores, actividades nas que participa activamente co Grupo de Investigación en Xerontoloxía da Universidade da Coruña a cuxa entidade pertence o investigador principal, Ana Belén Maseda Rodríguez, solicitante desta axuda. Desde 2007, a UDP A Coruña, grazas á investigación que realiza, está recoñecida como entidade de I+D no Rexistro de entidades que realizan actividades de I+D do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio (nº 0525122007), actualmente Rexistro de Entidades Solicitantes de Axudas (RESA).

Sinalar ademais que a UDP incorpora nas súas actividades a xestión de recursos xerontolóxicos, a través do Complexo Xerontolóxico "La Milagrosa" centro de referencia na CC.AA. na atención de persoas maiores con patoloxías neurodexenerativas que cursen con perda de capacidade funcional e/ou dependencia, polo que coñece de antemán a importancia de coñecer a realidade do colectivo das persoas maiores en Galicia en prol de promover o seu avellentamento activo.

Así, en base á relación existente co investigador principal, a UDP facilitará o acceso ás súas instalacións e aos seus usuarios para a realización da valoración xerontolóxica integral. Por iso, facilitarase unha sala de terapia aos membros investigadores do proxecto para a realización da fase experimental e de valoración cos usuarios, recollida de datos, así como acceso a equipos informáticos, medios audiovisuais... que podan ser requiridos polos investigadores. Ademais, a UDP Coruña, facilitará o contacto e acceso ás entidades UDP das outras provincias galegas a fin de garantir a representatividade da mostra a nivel Galicia.

Polo tanto, un feito primordial e clave para alcanzar o éxito do proxecto está garantido ao ter asegurado o acceso aos usuarios finais do proxecto proposto.

E para que así conste e aos efectos oportunos, estendo e firmo a presente en A Coruña, a 20 de xuño de 2012.

Asdo. M<sup>a</sup> Luisa Ansorena Hortega  
Presidenta